

Un futuro prometedor

Ela ía facer historia.

Con tan só mirar o que tiña diante, xa sabía como sería a súa vida a partir de aí. Chea de risas, felicidade e bos momentos, sen preocupacións.

Pode ser que nun primeiro momento o medo se apoderase dela e estivese moi preto de botarse atrás, pero algo dentro do seu peito dicíalle que non, que fose valente e continuase cara adiante.

E todo ese esforzo pagou a pena, porque por fin o tiña entre as mans, non podía conter as bágoas. Mirou ao seu redor, non había ninguén, o seu plan ía triunfar. Sentíase moi leda.

Ningunha muller se atrevera a asaltar un banco cun sistema de seguridade tan complexo e saír cun botín tan succulento.

E esta non sería a última vez, tíñao claro.

Lucía Fernández Gándara 4ºA